

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE FORMACIÓN EN PATRIMONIO CULTURAL PARA O ANO 2023.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

#### **DECLARA:**

Que a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou o 13 de febreiro de 2023 co Consello Xeral do Poder Xudicial o convenio de colaboración en materia de formación en patrimonio cultural, que se concreta na realización dun curso de formación sobre a conexión entre o urbanismo e a protección do patrimonio, para xuíces e maxistrados e persoal técnico especialista en patrimonio cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que o citado curso será organizado polo CXPX e desenvolverase en Santiago de Compostela, na sede do Museo das Peregrinacións ou outra sede que dispoña a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, previo aviso ó CXPX, durante o ano 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** O artigo 122 da Constitución Española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o seu órgano de goberno e será presidido polo Presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (en adiante LOPX), dispón que o goberno do Poder Xudicial corresponde ó Consello Xeneral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional, e o seu Presidente, de conformidade co artigo 105 da propia LOPX, é a primeira autoridade xudicial da nación e ostenta a representación e goberno do Poder Xudicial.

**Segundo.-** O Consello Xeral do Poder Xudicial entre as súas funcións constitucionais de goberno do Poder Xudicial, ostenta a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de Xuíces



e Maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7ª da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co previsto no artigo 433bis.4 LOPX, pode colaborar con entidades e organismos.

**Terceiro.-** Corresponde á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a planificación, coordinación e desenvolvemento de plans e programas de formación, cualificación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional da Consellería.

**Cuarto.-** A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3 que “promoverá a formación, a ensinanza especializada e a investigación nas materias relativas ó estudo, á conservación e ó enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados”.

**Quinto.-** En atención a todo canto se acaba de expoñer, as dúas partes, no exercicio das súas respectivas facultades entenden que é beneficioso para ambas a colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

